

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO PAZO DE RAXOI
O DÍA 23 DE DECEMBRO DE 2009,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO

DECRETOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Decreto polo que se acepta a cesión, a título gratuito, feita pola Administración xeral do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, do castelo e recinto amurallado de Monterrei e das torres da Pena, Sandiás e Porqueira

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se modifica o Decreto 316/2009, do 4 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas
- Decreto polo que se modifican os estatutos da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, aprobados polo Decreto 213/2007, do 31 de outubro
- Decreto polo que se modifica o Decreto 51/2008, do 6 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se aproba a adscrición da Escola de Negocios Caixanova á Universidade de Vigo e se autoriza a implantación das ensinanzas conducentes ao título de grao en Administración e Dirección de Empresas

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que a Xunta de Galicia interpón, de conformidade co disposto no artigo 63 da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, conflito positivo de competencias contra a Resolución do 31 de agosto de 2009, da Dirección Xeral de Medio Natural e Política Forestal, pola que se convoca a concesión de axudas a entidades e organizacións non gobernamentais de ámbito estatal para a realización de actividades privadas relacionadas cos principios inspiradores da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, e coas finalidades da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Baralla, para a dotación de servizos de saneamento e abastecemento de auga potable ao barrio da Senra por importe de cento setenta e catro mil cincocentos dezaseis euros con sesenta e tres céntimos (174.516,63 euros)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a Deputación Provincial de Ourense, para o acondicionamento e novo trazado da estrada provincial OU-0502 Gustei (N-525)-Os Peares (N-120) por importe de dous millóns oitocentos trinta mil euros (2.830.000,00 euros)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Valga, para levar a cabo o acondicionamento e ensanche de varios camiños municipais de acceso á PO-548 por importe de cento once mil seiscentos oitenta euros (111.680,00 euros)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Santa Comba, para a execución dunha ponte sobre o río Xallas en San Salvador por importe de trescentos setenta e cinco mil cincocentos noventa euros con dezasete céntimos (375.590,17 euros)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia, para recompilación e tratamento de ortoimaxes no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, e a elaboración do modelo de elevacións do terreo

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a Consellería de Economía e Industria, o Organismo autónomo Augas de Galicia, a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos e o Concello de Cerceda para a execución da obra Execución e financiamento da EDAR industrial de Cerceda, de clave OH.315.932, por importe de tres millóns novecentos oitenta e cinco mil cincocentos setenta e nove euros con trinta e un céntimos (3.985.579,31 €)

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (Inega) e a Federación Galega de Parques Empresariais (FEGAPE), para potenciar a eficiencia enerxética nos polígonos industriais, por importe de douscentos un mil oitocentos corenta e sete euros con cincuenta céntimos (201.847,50 euros)
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio específico de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (Inega), a Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo (FAIMEVI), a Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC) e a Fundación Sotavento Galicia, para a execución de cursos de condución eficiente de vehículos no marco do Plan de Acción da Estratexia de Aforro e Eficiencia Enerxética en España 2008-2012 (E4), correspondentes ao exercicio 2009, por importe de cento cincuenta mil euros (150.000,00 euros)
- Acordo polo que se autoriza a subscripción da addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia e a Universidade de Vigo, para executar os compromisos establecidos no Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica 2006-2010 (INCITE) en relación coa función das OTRI no Sistema Galego de Investigación e Innovación, por un importe de trescentos sesenta e dous mil seiscentos sesenta e cinco euros con cincuenta céntimos (362.665,00 euros)
- Acordo polo que se autoriza a subscripción da addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela para executar os compromisos establecidos no Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica 2006-2010 (INCITE) en relación coa función das OTRI no sistema galego de investigación e innovación, por importe de trescentos sesenta e dous mil seiscentos sesenta e cinco euros (362.665,00 euros)

- Acordo polo que se autoriza a subscrición da addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a Universidade da Coruña, para executar os compromisos establecidos no Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica 2006-2010 (INCITE), en relación coa función das OTRI no Sistema Galego de Investigación e Innovación, por importe de trescentos sesenta e dous mil seiscentos sesenta e cinco euros (362.665,00 euros)
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a Fundación Centro Tecnolóxico de Eficiencia e Sostibilidade Enerxética, para o desenvolvemento de actuacións de cara á creación e posta en operatividade do Centro Tecnolóxico de Eficiencia e Sostibilidade Enerxética, por importe de trescentos mil euros (300.000,00 euros)
- Acordo polo que se autoriza a subscrición da addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Fundación Centro Galego do Plástico, para o desenvolvemento de actuacións para a creación e posta en operatividade do Centro Galego do Plástico, por importe de trescentos dous mil euros (151.000,00 euros)
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a Fundación Centro Tecnolóxico do Naval Galego, para o desenvolvemento de actuacións para a creación e posta en operatividade do Centro Tecnolóxico do Naval Galego, por importe de douscentos sete mil euros (207.000,00 euros)

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ao pagamento de gratificacións ao profesorado do ámbito non universitario que participa no programa de reforzo, orientación e acompañamento escolar (Plan PROA), por un importe total de cento vinte e tres mil cincocentos trinta e cinco euros (123.535,00 €)

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para establecer na Orde pola que se publica a convocatoria pública de programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na

Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio de 2010 anticipos superiores ao 10% do importe das subvencións no momento da súa concesión

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Fundación Preescolar na Casa, para a promoción da formación no ámbito da familia e contribuír á promoción da cultura e da lingua galega, mediante o programa Preescolar na Casa-Educar en Familia

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura de convenios para a realización de obras de infraestrutura rural con diversos concellos no marco do Programa de desenvolvemento rural sustentable (O Pino-Vila de Cruces)
- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio de colaboración co Instituto Galego de Promoción Económica para a potenciación do sector lácteo na Comunidade Autónoma de Galicia.

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre as agrupacións europeas de cooperación territorial: A AECT Galicia-Norte de Portugal

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a licitación do contrato para a construción e equipamento do novo Hospital de Vigo (Pontevedra)

GALICIA RECIBE O CASTELO DE MONTERREI E AS TORRES DA PENA, SANDIÁS E PORQUEIRA

- A Xunta de Galicia realizará un traballo de conservación e revalorización patrimonial e arquitectónica do conxunto monumental para alcanzar unha efectiva revitalización social e económica do contorno
- Nas torres da comarca da Limia está prevista a realización de traballos de restauración e conservación para establecer un réxime de visitas culturais

O Consello da Xunta acordou hoxe aceptar a cesión, a título gratuito, do Castelo e do recinto amurallado de Monterrei e as torres da Pena, Sandiás e Porqueira, feita pola Administración xeral do Estado en favor da Comunidade Autónoma de Galicia. A tramitación da cesión foi feita a través da Secretaría Xeral e do Patrimonio, dependente da Consellería de Facenda. As tres torres e o castelo de Monterrei están declarados ben de interese cultural, polo que están sometidos ao réxime de protección de castelos.

Tras a cesión da fortaleza de Monterrei (a maior acrópole de Galicia) realizarase un traballo de conservación e revalorización patrimonial e arquitectónica do conxunto monumental para alcanzar unha revitalización efectiva social e económica do contorno.

Para isto, a Consellería de Cultura e Turismo ten previsto por en marcha unha serie de actuacións turístico-culturais, realizando labores de equipamento de uso público como a creación dunha oficina de información turística e un punto de información do Camiño de Santiago (Vía da prata), a posta en valor do albergue de peregrinos e dos elementos do museo existente no pazo dos Condes, e desenvolverá novas propostas de actuacións en canto a musealización.

Doutra banda, impulsarase o uso empresarial-hostaleiro de titularidade privada para revitalizar o conxunto da fortaleza, coa posibilidade de crear aloxamentos adicionais no contorno da fortaleza como complemento aloxativo o Parador de Turismo. Nas vivendas do contorno prevese a súa recuperación para aproveitales con fins turísticos e comerciais. Outra das posibles actuacións é a creación de tendas de venda de artesanía e produtos agroalimentarios da zona, rehabilitación de edificacións para a instalacións de cafeterías e restaurantes temáticos baseados na riqueza da comarca (viño, auga, entroido..).

Fortificacións da lagoa de Antela

Doutra banda, nas torres da comarca da Limia: torre da Pena (no municipio de Xinzo de Limia), Sandiás e Porqueira, está prevista a realización de traballos de restauración e conservación para establecer un réxime de visitas culturais. Para o ano 2010 prevese a realización dos estudos previos necesarios para facelas visitables.

As torre da Pena, Sandiás e Porqueira, xunto coa de Celme son catro fortificacións que protexían a lagoa de Antela na comarca da Limia (Ourense). A torre da Pena forma parte do castelo da Pena da Portela, do cal só se conserva a fábrica exterior da torre en bo estado e algúns anacos dunha muralla exterior de cachotaría e planta oblonga. A súa orixe sitúase, segundo algúns autores no século XII, outros sitúana a mediados do XIV e consideran que a levantou Ruy Pérez de Viedma. Da casa de Monterrei, por herdanza e guerras pasou á casa de Lemos. A pesar da súa orixe señorial, foi posto militar no sistema estratéxico da fronteira portuguesa.

A Torre de Sandiás está chea de historia, pois foi no s. XII escenario das loitas con Portugal polo establecemento da fronteira, en 1368 foi asaltada polo duque de Lancaster cando pretendía o trono de Castela e mesmo os irmandiños entraron e prenderon lume no castelo. Logo foi posesión dos señores de Maceda, do conde de Benavente, do marqués de Viana e, finalmente, da casa Santana e Monterrei. Hoxe só queda parte da torre de homenaxe na que se poden admirar os muros de máis de catro metros de grosor.

A torre da Forxa ou de Porqueira, é unha fortaleza defensiva construída nos séculos XI e XII como defensa de Galicia nas súas loitas entre Afonso Henriques de Portugal e Alfonso VII de Galicia. Este último cedeuna ao bispado de Ourense en 1157, o cal estableceu nela un mosteiro de frades xerónimos. No século XIV foi ocupada polo duque de Lancaster e pouco despois asaltada polos Irmandiños. Levántase no centro dunha plataforma correspondente a unha fortificación moito máis complexa da que só queda un muralla arrasada.

A AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA MODIFICA OS SEUS ESTATUTOS PARA DIFERENCIAR AS FUNCIÓNS DE INSPECCIÓN, RESTAURACIÓN E SANCIÓN DAS DE CONCESIÓN DE AUTORIZACIÓNS ADMINISTRATIVAS

- O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o Decreto que actualiza o regulamento da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística
- Outra das razóns que explican estes cambios son a adaptación á nova estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

A Xunta de Galicia procedeu á modificación dos estatutos da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU) para diferenciar as funcións de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo e protección do litoral, das relativas á concesión de autorizacións administrativas nesa materia. Con este cambio, estas últimas pasan a concentrarse na Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo. Neste sentido, a Axencia quedará eximida das funcións de outorgar as autorizacións administrativas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión desta mañá o Decreto polo que se actualizan os estatutos da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística. Estes cambios tamén obedecen á nova estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, xa que a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo conta cun Servizo de Autorizacións e Informes Sectoriais. Trátase dunha unidade –con nivel orgánico de servizo-, á que lle corresponde a preparación de todas as autorizacións administrativas de competencia desta consellería, conforme á lexislación de carácter sectorial. Deste xeito, alcánzase unha maior coordinación e axilización no outorgamento das autorizacións e así evitar prexuízos innecesarios aos administrados.

Por outro lado, esta atribución obedece á necesidade de diferenciar claramente as funcións de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo e protección do litoral –encomendadas á APLU- das relativas á concesión de autorizacións administrativas nesa materia, que agora pasan a concentrarse na Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo. Con estes cambios resulta necesario eliminar das funcións da axencia a de outorgar autorizacións administrativas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.

En definitiva, a APLU desempeñará a potestade sancionadora e de restitución e reposición da legalidade, así como a competencia para outorgar as autorizacións

administrativas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.

Director da axencia

Outra das modificacións afecta o nomeamento do director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística. Despois de analizar a experiencia e as razóns prácticas e, tendo en conta a especialización deste cargo, aconséllase non limitar a duración do mandato do director/a da axencia a un período de catro anos, tal e como recolle o artigo 17 dos estatutos da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística. Así pois, sobre a base deste regulamento, o director/a será nomeado polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta do/a conselleiro/a competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio, oído previamente o consello executivo da Axencia.

Unha das novidades nos novos estatutos da APLU está relacionada co cumprimento da normativa sobre a igualdade laboral (Lei 7/2004 para a igualdade de mulleres e homes na Comunidade Autónoma de Galicia) e co principio de representación en igualdade. Deste xeito, na proposta para a designación das persoas titulares das vogalías e da vicepresidencia da axencia atenderase ao principio de distribución equilibrada por sexos, procurando unha representación proporcionada entre homes e mulleres. Cómpre sinalar que o responsable da axencia deberá contar con titulación universitaria e con máis de cinco anos de experiencia profesional en materia de urbanismo.

A APLU

A Axencia de Protección da Legalidade Urbanística é un ente público de natureza consorcial, dotado de personalidade xurídica, patrimonio e orzamento propio e plena autonomía no cumprimento das súas funcións, para o desenvolvemento en común pola Administración autonómica e os concellos -que voluntariamente se integren nelas funcións de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo e o desempeño de cantas outras competencias lle asignen nos seus estatutos.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A ADSCRICIÓN DA ESCOLA DE NEGOCIOS CAIXANOVA Á UNIVERSIDADE DE VIGO

- En virtude deste acordo, dáse o visto e praxe tamén á implantación das ensinanzas conducentes ao título de grao en Administración e Dirección de Empresas neste centro

O Consello da Xunta autorizou hoxe a adscrición á Universidade de Vigo da Escola de Negocios Caixanova, decreto polo que se dá ademais o visto e praxe á implantación na sede de Vigo desta escola das ensinanzas conducentes ao título de Grao en Administración e Dirección de Empresas (ADE) pola universidade da cidade olívica.

A efectiva implantación na Escola de Negocios Caixanova do citado título de grao en ADE requirirá a modificación do seu actual plan de estudos, para incluír nel o novo itinerario que vai ofrecer este centro, e así evitar duplicidades. En virtude deste decreto, nesta escola vanse impartir as ensinanzas do grao en ADE, e de títulos de posgrao, tales como o Máster Universitario en Administración e Dirección de Empresas (MBA).

Caixanova, a través da súa obra social, garantirá a viabilidade dos estudos, asignándolle anualmente á Escola de Negocios un orzamento para o correcto desenvolvemento dos programas de ensino. Deste xeito, o financiamento dos custos derivados do cadro de profesorado, persoal de administración e servizos, edificios e instalacións do centro, correrá por conta desta entidade. Ademais, está previsto que os alumnos e alumnas do grao aboan 5.800 euros por cada un dos catro cursos; mentres que os do MBA pagarán 14.000 euros pola totalidade do plan de estudos. Pola súa banda, a Escola de Negocios deberá aboar á Universidade de Vigo, en concepto de adscrición, taxas do 25% do prezo público que se estableza para as titulacións de grao en ADE e Máster Universitario en Dirección de Empresas.

A Escola de Negocios Caixanova empezou a funcionar en 1987, e formou nestes 22 anos máis de 35.000 directivos, que desenvolven agora a súa actividade profesional en Galicia e no norte de Portugal. Ademais, durante este período de tempo, a Escola complementou o labor de investigación da Universidade de Vigo, con traballos orientados ao apoio de sectores estratéxicos de desenvolvemento empresarial.

A XUNTA LEVARÁ ANTE O TRIBUNAL CONSTITUCIONAL AXUDAS ESTATAIS A ACTIVIDADES RELACIONADAS CO PATRIMONIO NATURAL E A POLÍTICA FORESTAL

- O pasado 5 de novembro o Consello da Xunta xa formulou un requirimento de incompetencia por considerar que a convocatoria lle correspondería á Comunidade Autónoma galega

O Consello da Xunta deulle o visto e praxe á proposta da Comisión de seguimento de disposicións normativas do Estado e doutras comunidades autónomas para a interposición dun conflito positivo de competencias ante o Tribunal Constitucional respecto dunha convocatoria estatal de axudas para actividades relacionadas co patrimonio natural e da diversidade e a política forestal. Trátase da Resolución do 31 de agosto de 2009, da Dirección Xeral de Medio Natural e Política Forestal, pola que se convocan subvencións dirixidas a entidades e organizacións non gobernamentais de ámbito estatal para a realización de actividades privadas relacionadas cos principios inspiradores da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, e coas finalidades da Lei 43/2003, do 21 de decembro, de Montes.

O pasado 5 de novembro o Consello da Xunta xa lle formulou un requirimento de incompetencia ao Estado por considerar que esta resolución sería inconstitucional no seu conxunto, ao establecer unha convocatoria que lle correspondería efectuar á Comunidade Autónoma. No seu momento argumentouse que ao tratarse dunha acción subvencional, debíanse aplicar as regras establecidas pola xurisprudencia do Tribunal Constitucional na Sentenza 13/1992, relativa ao *spending power* ou “poder de gastar do Estado”. Polo tanto, ao considerar a Administración autonómica que a dita resolución se atopa no suposto b) do fundamento xurídico 8 da STC 13/1992, o Estado debería limitarse a fixar o destino e condicións esenciais das axudas, deixando o seu desenvolvemento ás comunidades autónomas, ás cales se deben outorgar todas as facultades de xestión, incluída a convocatoria, todo isto, logo da territorialización do fondo.

Doutra banda, o requirimento tamén alegaba que tanto a supraterritorialidade, como a existencia de límite de crédito e a garantía de que todos os beneficiarios teñan as mesmas posibilidades de obtención e desfrute en todo o territorio nacional, non poden servir de escusa para centralizar a xestión das axudas por parte do Estado.

Con posterioridade, mediante acordo do Consello de Ministros do 4 de decembro, o requirimento foi contestado polo Goberno do Estado tentando xustificar a constitucionalidade da resolución argumentando que a supraterritorialidade dos

beneficiarios e dos programas que se executarán suporían a centralización da tramitación. Ademais, a contestación ao requirimento tamén di que a resolución se atopa ante o suposto d) do fundamento xurídico 8 da Sentenza 13/1992, que prevé a centralización da xestión no Estado, suposto excepcional e aplicable só cando non exista outra fórmula constitucionalmente viable con respecto a unhas axudas. Porén, non se cita ningún argumento que de cumprimento aos requisitos esixidos na dita sentenza para aplicar a excepción prevista nesa liña d).

O Goberno galego considera que a resposta do Estado non desbota as argumentacións manifestadas pola Xunta de Galicia no seu requirimento de incompetencia. Así, de conformidade co informe da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, e logo da aprobación da Dirección Xeral de Relacións Institucións e Parlamentarias e da Secretaría Xeral da Consellería do Medio Rural; a Comisión de seguimento de disposicións normativas do Estado e doutras comunidades autónomas considerou oportuno continuar co procedemento de conflictividade constitucional e que sexa o Tribunal Constitucional, como intérprete supremo da Constitución, o que resolva a controversia.

A XUNTA FINANCIARÁ AS OBRAS DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NO CONCELLO LUGUÉS DE BARALLA, POR UN IMPORTE DE CASE 175.000 EUROS

- As obras beneficiarán máis de 4.000 habitantes desta zona, pero, concretamente, mellorará os servizos do barrio da Senra
- Os traballos, que serán executados polo concello, consistirán na construción dunha nova condución que garanta a subministración de auga ao devandito barrio, e dun colector para a recollida de augas residuais

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e en colaboración co Concello de Baralla, financiará as obras de abastecemento de auga potable e saneamento nesta localidade luguesa, por un importe de case 175.000 euros. Este tipo de convenios teñen o propósito de axudar aos concellos á construción de infraestruturas hidráulicas, xa que moitas veces non dispoñen de financiamento suficiente para levar a cabo estas actuacións.

As obras beneficiarán máis de 4.000 habitantes desta zona, pero, concretamente, mellorará os servizos do barrio da Senra. O custo para isto dividirase en dúas anualidades nos exercicios 2010 e 2011. No primeiro ano investiranse máis de 75.400 euros e, no ano 2011, o custo será de case 100.000 euros.

Estas actuacións fanse necesarias para dotar este núcleo daqueles servizos mínimos municipais recollidos como prestación obrigatoria por parte do Concello na normativa vixente en réxime local.

Características do convenio

Con este convenio, preténdese levar a cabo as obras de establecemento dunha nova condución que garanta a subministración de auga ao devandito barrio e a construción dun colector para a recollida de augas residuais que, pola súa vez, dará servizo ás vivendas existentes na zona.

O departamento que dirixe Agustín Hernández financiará o 100% das actuacións e, pola súa banda, o Concello de Baralla será o encargado, entre outros asuntos, de redactar o proxecto técnico das obras e realizar as xestións pertinentes para a obtención dos permisos, licenzas e autorizacións regulamentarias, ademais de comunicar á Administración autonómica as alteracións que poidan producirse ao longo deste proceso.

Así mesmo, levará a cabo as actuacións de contratación, execución, dirección, control e recepción das obras descritas no documento técnico e formalizará os actos de recepción destas.

Para a supervisión destas actuacións poderase constituír unha comisión de seguimento formada por un representante de cada unha das partes, que solucione calquera dúbida que poida xurdir na posta en marcha deste convenio de colaboración.

MEDIO AMBIENTE INVESTIRÁ MÁIS DE 2,8 MILLÓNS DE EUROS NO ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA GUSTEI-OS PEARES, EN OURENSE

- As accións consisten na pavimentación e mellora do treito que une A Barra e Vilarchao
- O obxectivo do proxecto é a mellora da seguridade viaria, para proporcionar unha condución cómoda aos usuarios

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a Deputación de Ourense para o acondicionamento e novo trazado da estrada Gustei- Os Peares.

A Xunta de Galicia achegará 2.830.000 euros, distribuídos en tres anualidades comprendidas entre 2010 e 2012, sumando así unha contía de 660.333 euros para cada ano. O Goberno galego fomenta aqueles investimentos que resolvan problemas nas infraestruturas, buscando un maior desenvolvemento económico e social que incremente a calidade de vida dos cidadáns.

Actuacións

O citado convenio céntrase na finalización das obras de mellora da estrada provincial Gustei- Os Peares (OU-0502). A Deputación de Ourense está a acondicionar o treito comprendido entre Gustei e A Peroxa, que corresponde cunha lonxitude de 10,5 quilómetros. O tramo A Peroxa- A Barra xa está acondicionado.

O novo convenio establece accións de pavimentación dos accesos do treito A Barra- Vilarchao, cuxo acordo de execución se asinou en 2004. Este tramo tiña unha lonxitude de 3.940 metros, pero realizouse unha ampliación para circunvalar o núcleo de Vilarchao.

Cómpre sinalar que o intervalo aberto incidiu provisionalmente no territorio atravesado polas obras, no que se refire aos accesos a predios de particulares e a núcleos de poboación, polo que resulta preciso que as actuacións continúen, coa adopción de medidas que garantan a seguridade dos habitantes da zona afectada.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, mediante a execución destes proxectos, pretende a mellora da rede viaria de Galicia co fin de proporcionar aos usuarios unha condución cómoda e segura. Ademais, resólvense os déficits na seguridade viaria e facilítase o acceso aos distintos equipamentos na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.

A XUNTA FINANCIA A MELLORA DA SEGUIRDADE VIAL DA ESTRADA QUE UNE PONTECESURES E VILAGARCÍA, NO TERMO MUNICIPAL DE VALGA, POR UN IMPORTE DE MÁIS DE 111.000 EUROS

- No treito que sinala este convenio de colaboración faise necesaria a reordenación dos sentidos de circulación en varias vías de titularidade municipal
- Para a mellora da seguridade viaria nesta zona é necesario levar a cabo unha mellora da capa de rodadura e da sinalización de varios camiños municipais
- O Goberno galego, en colaboración co Concello de Valga, trata de fomentar os investimentos que resolvan problemas nas infraestruturas, coa finalidade dun desenvolvemento económico e social que proporcione unha maior calidade de vida aos seus cidadáns

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e en colaboración co Concello de Valga, financiará o acondicionamento e ensanche de varios camiños de acceso á PO-548 nesta localidade pontevedresa, por un importe de máis de 111.000 euros. Esta actuación ten como principal obxectivo a mellora da seguridade viaria na estrada que une a localidade de Pontecesures (N-550) con Vilagarcía de Arousa, concretamente no punto quilométrico 0+000 ao pq 3+000.

Neste treito faise necesaria a reordenación dos sentidos de circulación en varias vías de titularidade municipal.

Esta clase de acordos entre distintas administracións asínanse co propósito de axudar aos concellos á construción de infraestruturas, xa que moitas veces non dispoñen de financiamento suficiente para levar a cabo estas actuacións.

Condições dos convenios

Para favorecer a seguridade viaria nesta zona mellorarase a capa de rodadura e a sinalización de varios camiños municipais do concello de Valga. No camiño denominado Camiño Forno-Hormadisa é necesario ademais o ensanche da plataforma.

É obxectivo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a mellora da rede viaria de Galicia, de maneira que se proporcione aos usuarios unhas condicións para a conducción cómoda e segura, mellorando os déficits na seguridade viaria e facilitando o acceso aos distintos equipamentos na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.

Así, a Xunta de Galicia, en colaboración co Concello de Valga, trata de fomentar os investimentos que resolvan problemas nas infraestruturas, coa finalidade dun desenvolvemento económico e social que proporcione unha maior calidade de vida aos seus cidadáns.

Pola súa banda, o Concello de Valga, ademais de constatar a dispoñibilidade dos terreos, terá que levar a cabo as obras, que inclúen as modificacións, revisión de prezos e liquidación de obra e será o encargado, entre outros asuntos, de redactar o proxecto técnico das obras e realizar as xestións pertinentes para a obtención dos permisos, licenzas e autorizacións regulamentarias, ademais de comunicar á Administración autonómica as alteracións que poidan producirse.

Para a supervisión destas actuacións poderase constituír unha comisión de seguimento formada por un representante de cada unha das partes, que solucione calquera dúbida que poida xurdir na posta en marcha deste convenio de colaboración.

MEDIO AMBIENTE FINANCIARÁ A NOVA PONTE SOBRE O RÍO XALLAS, EN SANTA COMBA, POR UN IMPORTE DE MÁIS DE 375.000 EUROS

- A nova infraestrutura mellorará a seguridade viaria dos cidadáns e permitirá un cómodo tránsito peonil e unha circulación fluída
- A actuación beneficia un total de 10.557 habitantes do Concello de Santa Comba

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Santa Comba para a execución dunha ponte sobre o río Xallas, en San Salvador. A Xunta de Galicia realizará unha achega económica de 375.590 euros.

A actuación consistirá na construción dunha nova ponte sobre o río Xallas co fin de substituír a existente, xa que esta última se atopa nun avanzado estado de deterioración. A futura infraestrutura redundará nunha mellora na seguridade viaria dos veciños que transitan polo dito lugar, posto que se proxecta a posta en marcha de beirarrúas aos lados da calzada para permitir un cómodo tránsito peonil e unha circulación fluída de vehículos.

Este proxecto pretende mellorar os déficits na seguridade viaria e facilitar o acceso aos distintos equipamentos na procura e na potenciación dun desenvolvemento harmónico.

Neste sentido, o departamento que dirixe Agustín Hernández colabora cos entes municipais, fomentando aqueles investimentos que resolvan problemas nas infraestruturas e proporcionando, ao mesmo tempo, unha maior calidade de vida aos cidadáns.

A nova ponte sobre o río Xallas beneficiará un total de 10.557 habitantes do concello de Santa Comba.

Obrigas

A Xunta de Galicia comprométese ao financiamento das obras, e reserva para si o dereito de inspección das actuacións, tanto durante a súa execución como ao seu remate.

Pola súa banda, o Concello de Santa Comba será o organismo encargado de executar as obras. Ademais, deberá garantir a dispoñibilidade dos terreos necesarios, xestionar a obtención de permisos e autorizacións ou asumir a explotación, mantemento e conservación das actuacións.

Un representante da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e outro do Concello de Santa Comba integrarán unha comisión de seguimento que impulsará e avaliará o cumprimento do presente convenio. Tamén se encargará da proposta de interpretación de contidos, en caso de dúbidas.

A XUNTA DE GALICIA INVISTE MÁIS DE 600.000 EUROS NA RECOMPILACIÓN DE ORTOIMAXES CO FIN DE MELLORAR OS PLANS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Os traballos céntranse na cobertura ortofotográfica de Galicia, concretamente da zona oeste, A Coruña e Pontevedra
- Estas ferramentas permitirán o estudo e planificación do desenvolvemento territorial e a elaboración de estudos de carácter físico ambiental
- A Xunta financia o 100% deste proxecto

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia (Sodeco), para a recompilación e tratamento de ortoimaxes.

A Xunta de Galicia financia o 100% do citado proxecto, supoñendo un achegamento económico de 615.805 euros.

O departamento que dirixe Agustín Hernández considera imprescindible contar cunha infraestrutura cartográfica e de datos espaciais detallada, que inclúa a cobertura ortofotográfica do territorio galego, apta para a súa integración nun sistema de información xeográfica.

Estas ferramentas permitirán o estudo e planificación do desenvolvemento territorial e a elaboración de estudos de carácter físico ambiental que proporcionen información aplicada á ordenación do territorio.

O convenio prevé a elaboración dunha cobertura ortofotográfica de Galicia a 25 cm/píxel, concretamente dunha superficie de 13.361 quilómetros cadrados correspondente á zona oeste do territorio da comunidade galega, é dicir, as provincias da Coruña e Pontevedra.

A Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe tamén se beneficiará dunha unidade técnica de Sodeco denominada Sistema de Información Territorial de Galicia (Sitga). Esta sección proporciona información dinámica orientada á toma de decisións sobre unha base territorial. Así, recompílase a información socioeconómica, física e de infraestruturas procedente de diversas fontes co fin de aplicala ao territorio, como ferramenta de diagnóstico das potencialidades de desenvolvemento e as disfuncionalidades de cada espazo.

Características do convenio

Por unha parte, a Xunta de Galicia comprométese a dirixir e coordinar os traballos, subministrar a información necesaria e compensar os gastos nos que Sodeco incorra para o desenvolvemento do presente acordo.

Por outra parte, a empresa designará un xefe de proxecto e aportará todos os medios técnicos, persoal e recursos precisos para a execución das tarefas establecidas.

Ademais, constituirase unha comisión de seguimento formada polo director xeral de Sostibilidade e Paisaxe, o subdirector xeral de Paisaxe e Territorio, o conselleiro delegado de Sodeco e o subdirector do Sitga.

A XUNTA APROBA A COLABORACIÓN DAS CONSELLERÍAS DE MEDIO AMBIENTE E ECONOMÍA CO CONCELLO DE CERCEDA PARA A EXECUCIÓN DA DEPURADORA INDUSTRIAL DESTA LOCALIDADE

- O Goberno galego financiará o 100% da obra, achegando un importe total de case 4 millóns de euros, distribuídos en tres anualidades
- As actuacións supoñen un importante beneficio para os máis de 6.000 veciños do concello e toda a súa área
- O Concello deberá achegar os terreos para a localización da EDAR, asumir a realización das xestións pertinentes para a obtención dos permisos e asumir a súa explotación e conservación

O Consello da Xunta aprobou esta mañá un acordo de colaboración entre as consellerías de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e Economía e Industria, ademais de a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos de Galicia, co Concello de Cerceda para a execución da estación depuradora industrial desta localidade coruñesa.

O Goberno galego financiará o 100% da actuación, achegando un importe total de case 4 millóns de euros, distribuídos en tres anualidades. Así, a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos de Galicia, dependente da Consellería de Medio Ambiente, cubrirá o 66,13 % do orzamento, que repartirá do seguinte xeito: neste exercicio investirá 263.557,93 euros; en 2010 achegará 2 millóns de euros; e no ano 2011 entregará a cantidade de 372.021,38 euros.

A Consellería de Economía e Industria proporcionará o 33,87 % do orzamento, que dividira o custo en dúas fases, deste xeito, no vindeiro exercicio investirá algo máis dun millón de euros e no ano 2011 achegará 337.500 euros. Pola súa banda, o concello porá ao dispor da Administración autonómica os terreos necesarios. Ademais, deberá asumir a realización das xestións pertinentes para a obtención dos permisos, licenzas e autorizacións regulamentarias; e asumir, unha vez feitas as ditas actuacións, a súa explotación e conservación.

A nova EDAR dará servizo ás tres novas zonas industriais do concello de Cerceda: o polígono do Acevedo (1ª fase, 80 ha), actualmente acometido, unha futura ampliación deste (136 Has) e o Parque Empresarial de Cerceda (220 ha).

Para iso proxéctase unha rede de saneamento (tanque de retención e bombeo, impulsión e colector de gravidade) e unha EDAR para augas industriais cunha

capacidade de servizo de 19.000 habitantes. Nesta actuación construírse a primeira fase, ampliable posteriormente, se é necesario ampliar a capacidade de tratamento.

A EDAR construírse dentro dun edificio pechado, cunha configuración modular para facilitar as sucesivas ampliacións. A primeira fase require 967 m² de superficie, con capacidade de tratamento de 86 litros por segundo. Contará con depósito de homoxeneización, tratamento biolóxico de biomasa somerxida con capacidade de eliminación de nitróxeno e dous tanques, aerobio e anóxico, dúas liñas de tratamento químico posterior ao biolóxico, e filtro banda de deshidratación dos lodos producidos.

Recuperación económica

A construción desta EDAR é consecuencia das políticas de mellora que está a levar a cabo o Goberno da Xunta co fin de favorecer zonas que contaron cunha industria florecente e, neste momento, faise necesario montar infraestruturas que fagan posible unha recuperación ambiental destas áreas. Estas actuacións supoñen un importante beneficio para os máis de 6.000 veciños do concello e toda a súa área.

O concello de Cerceda ten una importante tradición mineira, que se remonta a mediados do século pasado. Para continuar co seu desenvolvemento resulta necesario favorecer a evolución económico-industrial desta zona coa creación de novas empresas, polo que se fai de interese especial levar a cabo actuacións coma esta, xa que a depuradora de augas residuais para Cerceda redundará na mellora da calidade de vida e no benestar dos veciños desta comarca.

Coa mellora dos servizos favorécense as solucións que garanten unha saída non traumática para os traballadores afectados polas perdas de postos de traballo na minaría, ao tempo que se evita o despoboamento.

Este convenio pretende tamén o mellor aproveitamento para uso público das ribeiras do río.

O INEGA INCENTIVARÁ CON MÁIS DE 200.000 EUROS MEDIDAS DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NOS POLÍGONOS MEDIANTE UN PROXECTO PILOTO COA FEDERACIÓN GALEGA DE PARQUES EMPRESARIAIS

- O Consello da Xunta autorizou a aprobación dun convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia e a Federación Galega de Parques Empresariais (Fegape) que prevé a realización de auditorías enerxéticas en 25 industrias manufactureiras, a divulgación dos resultados destes estudos e a implantación dun plan de mobilidade en 4 polígonos industriais
- Con esta actuación pioneira e experimental, que deberá estar executada antes do 30 de agosto de 2010, incentívase o uso racional da enerxía no sector e propíciase unha mellora das condicións ambientais

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre o Instituto Enerxético de Galicia (Inega), organismo dependente da Consellería de Economía e Industria, e a Federación Galega de Parques Empresariais (Fegape) para o desenvolvemento dun proxecto piloto consistente en potenciar a eficiencia enerxética nos polígonos industrias galegos. Trátase dunha actuación de promoción do aforro e da eficiencia enerxética no sector empresarial que o Inega desenvolve en colaboración co IDAE (Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía) e mediante a que se subvencionan, a fondo perdido, actuacións tendentes a incentivar o uso racional da enerxía nos parques empresariais englobados na devandita federación, a única destas características existente en Galicia, que dá cabida a 24 entidades representativas de polígonos e que aglutinan 40 parques empresariais, e representan o 95% das asociacións de empresarios de Galicia.

O convenio, para o que o Inega achegará un total de 201.847,50 euros e a Fegape os fondos adicionais necesarios para a súa execución, abrangue a implantación de medidas experimentais e pioneiras de aforro e eficiencia enerxética no sector empresarial que supoñan unha alternativa limpa e racional no uso da enerxía, medidas necesarias nun contexto desfavorable como o actual, e que axudarán a unha mellora das condicións ambientais.

Optimización enerxética

Entre o abano de actuacións que recolle o convenio tendentes a incrementar o uso racional da enerxía nos polígonos industriais atópase a realización de auditorías enerxéticas en industrias. A Fegape encargárase de realizar estudos para a mellora da eficiencia enerxética en 25 industriais manufactureiras situadas nos parques empresariais incluídos nesa federación. Esta actuación terá un orzamento de 144.286

euros, do que o 75% correrá por conta do Instituto Enerxético de Galicia e o restante 25% deberá ser asumido ben pola industria auditada ou ben pola propia federación.

Cada estudo de optimización enerxética analizará o proceso produtivo da empresa e deberá propoñer medidas de redución do consumo enerxético. A análise poderá ser integral ou limitada aos procesos e sistema de maior demanda enerxética. Ademais os seus resultados deberán estar dispoñibles na páxina web do Inega, www.inega.es.

A Fegape entregarálle ao Inega copias das auditorías, o seu custo e un informe resumo coas accións propostas en cada estudo e a súa viabilidade: investimento necesario, aforro enerxético e económico derivado das medidas, etc.

Plan de mobilidade en polígonos

A realización dun plan de mobilidade en 4 polígonos industriais, elixidos por proposta da Fegape, constitúe outra das actuacións que se van desenvolver a través deste convenio. Este plan de transporte ten como pretensión cambiar o modo de desprazamento das persoas ao lugar de traballo e promover medios de transporte colectivos máis eficientes.

O estudo levarase a cabo na Comunidade de Propietarios de Pocomaco (A Coruña), na Asociación de Empresarios As Gándaras (O Porriño), na Asociación de Empresarios do Polígono Sete Fontes (Vilalba) e na Asociación de Empresarios do Polígono Industrial San Cibrao das Viñas (Ourense), que mobilizan no seu conxunto 24.200 traballadores. Para esta actuación cun orzamento global de 156.055 euros, o Inega achegará o 60% do custo e o restante 40% deberá ser asumido polo polígono ou pola Fegape.

Divulgación dos resultados das auditorías

A Fegape encargárase de contactar con outras industrias para informalas das melloras que se detectaron nas auditorías das empresas do seu sector. Así mesmo comprométese a facer figurar a imaxe corporativa do Inega e do IDAE en toda a documentación que requira o desenvolvemento do devandito convenio.

Cuantificación do aforro enerxético

O convenio tamén establece que a Federación Galega de Parques Empresariais lle entregará ao Instituto Enerxético de Galicia un informe de todas as actuacións realizadas dentro do obxecto do convenio, no que se indique o investimento de cada unha delas e o aforro enerxético que se alcanzará con cada unha das actuacións levadas a cabo.

Todas as medidas de aforro e eficiencia enerxética recollidas no convenio deberán estar executadas antes do 30 de agosto de 2010.

O INEGA PROMOVE A REALIZACIÓN DE CURSOS DE CONDUCCIÓN EFICIENTE DE VEHÍCULOS, A TRAVÉS DUN CONVENIO CON FAIMEVI, FAEPAC E FUNDACIÓN SOTAVENTO GALICIA POR UN MÁXIMO DE 150.000 EUROS

- O Consello da Xunta aprobou hoxe un convenio de colaboración polo que autoriza esta acción formativa coa que o Instituto Enerxético de Galicia fomentará técnicas de conducción de turismos que permitan diminuír o consumo medio de combustible ata un 15% e aumentar a seguridade

O Consello da Xunta aprobou un convenio de colaboración polo que o Instituto Enerxético de Galicia (Inega) destinará un orzamento máximo de 150.000 euros, distribuídos a partes iguais (50.000 euros por entidade) entre a Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo (Faimevi); a Fundación Enerxética Provincial da Coruña (Faepac) e a Fundación Sotavento Galicia, para a impartición de cursos de conducción eficiente de vehículos, que se insiren no marco do Plan de Acción da Estratexia de Aforro e Eficiencia Enerxética en España 2008-2012, a través do convenio que o Inega ten co IDAE (Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía).

Con esta acción formativa, prevista dentro das medidas dun uso máis eficiente dos medios de transporte, o Instituto que dirixe Eliseo Diéguez, dependente da Consellería de Economía e Industria, trata de fomentar un novo estilo de conducción dos vehículos turismos, co que se obterán diminucións medias no consumo do combustible de ata un 15% sobre a conducción convencional, mellorando tamén a seguridade.

Poderán tomar parte nestas técnicas de conducción eficiente tanto monitores de autoescola como particulares, e o apoio máximo por parte do Inega a cada unha das Fundacións asinantes do convenio será de 125 euros por monitor formado e de 80 por condutor particular, ata cubrir a dotación máxima de 50.000 euros por entidade. O alumno achegará un máximo de 20 euros, e Faimevi, Faepac e a Fundación Sotavento Galicia porán a cantidade restante ata cubrir os gastos totais. Os cursos deberán impartirse no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2009 e o 30 de xuño de 2010.

As clases levaranse a cabo nun percorrido urbano, de aproximadamente de 5 a 7 quilómetros e que conte coa maior parte dos elementos representativos da circulación na cidade (cruzamentos, semáforos, rotondas, prazas, vías de dobre sentido, pendentos en subida e baixada, etc.) e nas que a aplicación dunha ou doutra técnica de conducción signifiquen diferenzas en consumo. Cando os cursos se realizan en

zonas rurais incluíranse os máximos elementos citados anteriormente e poderán simularse os que non existan polas características propias da zona.

Monitores expertos

A acción formativa contará con monitores expertos que explicarán as técnicas ao volante para aproveitar a eficiencia enerxética dos vehículos actuais. O alumno terá a posibilidade de comparar a influencia das técnicas de conducción eficiente no consumo do combustible mediante unha proba práctica que se verificará antes e despois da sesión teórica.

Características dos cursos

O número de alumnos por vehículos será, como máximo, de catro. As roldas de conducción realizaranse por cada un dos catro alumnos do grupo, cunha duración aproximada de 15 minutos por persoa. Aos participantes entregaráselles material de apoio, que inclúe un manual de conducción eficiente e un folleto informativo no que se explican os principais criterios e vantaxes da conducción eficiente, así como un diploma acreditativo de participación nel.

No caso dos cursos de monitores de autoescola serán de maior duración e particularidade técnica. A formación estruturarase en módulos, cunha duración mínima de 5 horas por cada tres alumnos. Constará dunha parte teórica e outra práctica, con comparativas de consumo. Cada módulo require a participación dun formador e un vehículo dotado de medidor de consumo. Para levar a cabo a medida as tres fundacións deberán contar co apoio das asociacións de autoescolas.

Así mesmo, Faimevi, Faepac e a Fundación Sotavento Galicia poderán conceder pola súa conta axudas a determinados colectivos coa finalidade de reducir as achegas finais e tamén se autorizan para solicitar o patrocinio e axudas económicas adicionais doutras entidades. Ademais de achegar o material didáctico necesario a cada alumno para as clases teóricas, as devanditas Fundacións deberán proporcionar os medios necesarios para a realización das prácticas (vehículos, combustible, locais, medios didácticos, etc.).

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A ACHEGA DE MÁIS DUN MILLÓN DE EUROS ÁS TRES UNIVERSIDADES PARA IDENTIFICAR AS NECESIDADES TECNOLÓXICAS DOS SECTORES SOCIOECONÓMICOS DE GALICIA

- A achega económica da Consellería de Economía e Industria facilitará tamén a transferencia de tecnoloxía entre o sector público e o privado, contribuíndo así á aplicación e comercialización dos resultados de I+ D xerada nas universidades

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a achega de case 1,1 millóns de euros ás tres universidades galegas (Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña) para que intensifiquen o seu traballo de identificación das necesidades tecnolóxicas dos sectores socioeconómicos galegos e para facilitar a transferencia dos seus resultados de investigación ao sector produtivo. Desta maneira, a Consellería de Economía e Industria reforza o establecemento das canles sector público-sector privado para optimizar a aplicación dos resultados dos proxectos de I+ D realizados polos grupos de investigación universitarios á empresa e tamén a súa comercialización.

Este investimento realízase a través de addendas aos convenios anteriormente asinados entre a Xunta e as universidades para executar os compromisos en relación coa función das oficinas de transferencia de resultados da investigación (OTRI) no Sistema Galego de Investigación e Innovación.

O obxectivo fundamental das OTRI é a dinamización das relacións entre os axentes do Sistema Galego de Innovación, identificando as necesidades tecnolóxicas dos sectores socioeconómicos galegos, e favorecer a transferencia de tecnoloxía entre o sector público e o sector privado, contribuíndo así á aplicación e comercialización dos resultados de I+ D xerados nas universidades, centros públicos de investigación e centros tecnolóxicos.

O Programa de recursos humanos do Plan Galego de I+ D prevé dotar as OTRI dos medios humanos necesarios para desenvolver axeitadamente as funcións que teñen encomendadas e o Programa de articulación do sistema de investigación e innovación habilita unha serie de axudas de apoio ao traballo destes organismos para fomentar as súas accións dun xeito coordinado.

A XUNTA REFORZA O LABOR DO CENTRO TECNOLÓXICO DE EFICIENCIA E SOSTIBILIDADE ENERXÉTICA CUN INVESTIMENTO DE 300.000 EUROS

- Este centro tecnolóxico contribuirá á potenciación, crecemento e mellora dos coñecementos en materia de aforro, eficiencia enerxética e sustentabilidade

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe á Consellería de Economía e Industria a firma dun convenio dotado con 300.000 euros coa Fundación Centro Tecnolóxico de Eficiencia e Sostibilidade Enerxética para o desenvolvemento de actuacións de cara á súa consolidación e operatividade.

O Centro Tecnolóxico de Eficiencia e Sostibilidade Enerxética pretende ser o principal soporte da innovación no sector. Neste sentido, o obxecto da fundación que lle dá soporte consistirá en contribuir á potenciación, crecemento e mellora dos coñecementos en materia de aforro, eficiencia enerxética e sustentabilidade, centrándose nas accións de valor engadido como a análise de mercados (tecnoloxía, demanda, oferta, regulación), normalización, diagnósticos, certificación, deseño de solucións e proxectos de I+D+i, xunto coa transferencia de tecnoloxía asociada, divulgación e elaboración de recomendacións para a totalidade dos segmentos do mercado dun sector estratéxico para Galicia.

Esta actuación enmárcase na política da Dirección Xeral de I+D de apoiar decididamente o labor dos centros tecnolóxicos baixo criterios de eficiencia e calidade, para lograr que a súa prestación de servizos ás empresas responda aínda mellor ás expectativas do sector privado.

A XUNTA AUTORIZA UNHA ACHEGA DE MÁIS DE 151.000 EUROS PARA O CENTRO GALEGO DO PLÁSTICO

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe á Consellería de Economía e Industria para a sinatura dunha addenda ao convenio asinado con anterioridade coa Fundación Centro Galego do Plástico de 151.000 euros para continuar apoiando a consolidación e operatividade da entidade. Esta inxección económica vén determinada polos resultados positivos das actividades desenvolvidas por este centro.

O Centro Galego do Plástico, situado en Ferrol, é unha referencia da innovación no sector e está considerado como un elemento importante de mellora da competitividade para Galicia. Esta actuación enmárcase na política da Dirección Xeral de I+ D de apoiar decididamente o labor dos centros tecnolóxicos baixo criterios de eficiencia e calidade, para lograr que a súa prestación de servizos ás empresas responda aínda mellor ás expectativas do sector privado.

A XUNTA IMPULSA A INNOVACIÓN NO SECTOR NAVAL GALEGO PARA MELLORAR A SÚA COMPETITIVIDADE A NIVEL INTERNACIONAL

- A Consellería de Economía e Industria achega máis de 200.000 euros ao Centro Tecnolóxico do Naval para que siga actuando como aglutinador e catalizador dos avances na ciencia naval

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a Consellería de Economía e Industria para a sinatura dun convenio dotado con máis de 200.000 euros coa Fundación Centro Tecnolóxico do Naval Galego para o desenvolvemento de actuacións de cara á súa consolidación.

O Centro Tecnolóxico do Naval capitaliza a innovación nun sector estratéxico para Galicia marcado pola forte competencia e o carácter internacional do mercado o que se dirixe. Neste contexto, a Xunta reforza o seu apoio á consolidación deste centro para que siga liderando, aglutinando e catalizando a investigación naval de alto nivel en Galicia e tamén para facilitar a tradución destes avances en innovacións tecnolóxicas transferibles ao sector empresarial de maneira eficaz.

Esta actuación enmárcase na política da Dirección Xeral de I+D de apoiar decididamente o labor dos centros tecnolóxicos baixo criterios de eficiencia e calidade, para lograr que a súa prestación de servizos ás empresas responda aínda mellor ás expectativas do sector privado.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O PAGAMENTO DE GRATIFICACIÓNS AO PROFESORADO QUE PARTICIPOU NO 'PLAN PROA'

- En total, os docentes recibirán 125.353 euros por actividades de acompañamento fóra do horario escolar

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería de Educación a pagar gratificacións ao profesorado do ámbito non universitario que participou no programa de reforzo, orientación e acompañamento escolar (Plan PROA), fóra do horario lectivo, durante os meses de xaneiro a maio de 2009.

Os custos xerados por estas gratificacións ascenden a 123.535 euros, e corresponden ao labor de atención directa, case individualizada, realizado polos docentes a maiores do seu horario laboral, para incidir nos aspectos que están a dificultar un bo aproveitamento escolar.

Durante o curso escolar 2008/2009, un total de 132 centros escolares de Educación Primaria e Secundaria participaron no Plan PROA, que a Consellería de Educación desenvolve en cofinanciamento co Ministerio. Esta iniciativa ten como obxectivo prioritario a diminución do fracaso escolar entre o alumnado do 3º ciclo de Primaria, e dos dous primeiros cursos de Secundaria, e baséase en tres liñas de actuacións, apoio, reforzo e acompañamento, sendo esta última a recoñecida polas gratificacións autorizadas.

O acompañamento escolar está considerado como unha medida de atención á diversidade do alumnado, que debe realizarse fóra do horario lectivo para non perturbar o ritmo académico. Durante as sesións, os docentes traballan con grupos dun máximo de 15 matriculados, proporcionándolles de forma case individualizada instrumentos para aprender habilidades de estudo, hábitos de traballo e organización dos tempos. A valoración do seu esforzo redonda, a longo prazo, nun aumento da autoestima dos escolares, incidindo ademais na mellora do seu rendemento.

ARREDOR DE 23.000 PERSOAS PODERÁN BENEFICIARSE DO PROGRAMA DE ACCIÓNS FORMATIVAS PARA TRABALLADORES DESEMPREGADOS

- O Consello da Xunta aprobou hoxe a orde que regula esta formación e que conta para 2010 cun orzamento de 51 millóns de euros
- En total serán 1.500 cursos que se desenvolverán entre febreiro e finais de novembro de 2010

Un total de 23.000 persoas traballadoras en situación de desemprego poderán beneficiarse dalgunha das 1.500 accións formativas que se porán en marcha ao abeiro dunha orde da Consellería de Traballo e Benestar aprobada hoxe polo Consello da Xunta e que conta cun orzamento de 51 millóns de euros, cofinanciados polo Fondo Social Europeo.

As accións formativas, que se desenvolverán entre febreiro e finais de novembro de 2010, están dirixidas de forma prioritaria ás persoas que están en situación de desemprego, aínda que se prevé a participación de traballadores e traballadoras ocupados/as, cun máximo dun 25% do total.

O obxectivo deste programa é facilitar aos alumnos e alumnas unha formación axustada ás necesidades do mercado de traballo que atenda aos requirimentos de competitividade das empresas, proporcionando maior cualificación para as diferentes profesións e para o acceso ao emprego.

As entidades beneficiarias das subvencións son distintas segundo as vías de programación recollidas na orde. Deste xeito, poderán participar os centros e entidades de formación inscritos no censo de centros colaboradores de formación ocupacional na Consellería de Traballo e Benestar; as persoas físicas, entidades xurídicas e as institucións que teñan relación directa coa formación; as administracións locais e outras institucións públicas ou entidades sen ánimo de lucro que teñan entre os seus fins a formación ou inserción profesional dos colectivos de traballadores con dificultades para a súa inserción ou recualificación profesional, e que se consideren de interese social; e as empresas, as súas asociacións ou outras entidades que presenten un proxecto formativo específico para elas con compromiso de contratación inmediata.

O prazo será dun mes desde o día seguinte ao da publicación no DOG desta orde, polo que estará aberto durante o mes de xaneiro.

A XUNTA DESTINA MEDIO MILLÓN DE EUROS A COLABORAR COA FUNDACIÓN 'PREESCOLAR NA CASA'

- O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Fundación encargada do programa 'Preescolar na casa-Educación en Familia'
- O seu obxectivo é alcanzar o desenvolvemento integral do neno, sobre todo nas súas primeiras etapas, así como axudar á familia a reforzar a súa confianza como educadores e incrementar as súas destrezas

O Consello da Xunta autorizou o convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Fundación Preescolar na casa. Así, o Goberno galego destina un total de medio millón de euros para dar continuidade a este programa.

O obxectivo deste proxecto é alcanzar o desenvolvemento integral do neno, especialmente nas súas primeiras etapas, así como axudar á familia a reforzar a súa confianza como educadores e incrementar as súas destrezas para mellorar as prácticas educativas. Ademais, este programa tamén ten como fin a promoción da cultura e da lingua galega e a súa normalización.

Segundo os últimos datos dos que se dispoñen –referentes a 2008–, este proxecto estivo presente en 270 concellos e beneficiou a máis de 4.400 familias e máis de 4.600 nenos e nenas.

'Preescolar na casa' promove o establecemento de contactos presenciais coas familias para enriquecer e, de ser o caso, mellorar a educación dos fillos a través de distintas actuacións como crear actitudes favorables nos pais e nais, mellorar o sistema de información sobre o desenvolvemento do neno ou manter unha páxina web cos contidos do programa.

Ademais, o obxectivo do programa é procurar que todas as familias con fillos entre os 0 e os 6 anos teñan a oportunidade de participar en 'Preescolar na casa'. Neste sentido, haberá reunións de orientación de carácter quincenal en cada un dos concellos que participan e editarase unha revista de periodicidade bimensual.

No convenio establécese tamén unha comisión mixta de seguimento e coordinación, integrada pola conselleira de Traballo e Benestar e o presidente da Fundación 'Preescolar na casa', ou polas persoas nas que deleguen.

MEDIO RURAL CONVENIARÁ DE INMEDIATO CON SEIS CONCELLOS A REALIZACIÓN DE OBRAS DE INFRAESTRUTURA RURAL

- As actuacións nestes municipios –no marco dun convenio asinado entre as administracións autonómica e central– considéranse urxentes e prioritarias, polo que é preciso executar xa a partida orzamentaria da Xunta para 2009

O Consello da Xunta autorizou a Consellería do Medio Rural a asinar convenios con seis concellos das provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra para a realización de obras de infraestrutura rural, no marco do Programa piloto de desenvolvemento rural sostible.

A Xunta e o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño (MARM) asinaron, con data do 9 de decembro de 2009, un convenio de colaboración para financiar actuacións con cargo ao dito Programa. O seu investimento global é de 17 millóns de euros (achegados a partes iguais por ambas as administracións), financiándose actuacións de mellora dos accesos ás explotacións de vacún e vitivinícolas en diferentes comarcas da Comunidade Autónoma, onde os problemas de infraestrutura xeran un incremento nos custos de explotación das empresas agrarias.

No texto do convenio figuran as anualidades do financiamento, correspondéndolle á Xunta unha achega de 500.000 euros para o ano 2009 e de 8 millóns de euros para 2010, e ao MARM un investimento de 8,5 millóns.

Dada a existencia dunha carteira de proxectos en seis concellos (O Pino e Trazo na Coruña; Paradela e Vilalba en Lugo e Lalín e Vila de Cruces en Pontevedra) para seren incluídos neste programa piloto, elixíronse as actuacións nestes municipios para seren contratadas con cargo aos 500.000 euros da anualidade de 2009. Ademais, as devanditas actuacións nestes concellos son urxentes, polas características das explotacións a que dan acceso, sendo, xa que logo, prioritarias. Por ese motivo é preciso executar xa a partida orzamentaria da Xunta para o ano 2009.

Tres eixes

O programa das actuacións cobre os tres eixes principais do desenvolvemento sustentable, con enfoques dirixidos a cada piar básico: ambiental, social e económico. A filosofía do acordo é actuar sobre algún dos problemas ou necesidades máis importantes e urxentes para cada unha das zonas beneficiarias do programa.

A CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA ÚNENSE PARA POTENCIAR O SECTOR LÁCTEO EN GALICIA

- O importe total da subsidiación é de 340.000 euros cunha vixencia de catro anos
- O obxecto é apoiar o sector lácteo galego a través das explotacións bovinas e cooperativas ou sociedades agrarias de transformación

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión desta mañá a sinatura dun convenio de colaboración co Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) co obxectivo de potenciar o sector lácteo en Galicia. O importe total desta actuación ascende a 340.000,00 euros efectuados en catro anualidades.

A Consellería do Medio Rural contribuirá ao financiamento desta subsidiación mediante a achega ao IGAPE do importe da subsidiación equivalente ao Euribor a prazo de seis meses, cun máximo de 2,00 puntos, que se estima en 340.000 euros. A predición estimada para cada exercicio orzamentario é de 65.600 euros no ano 2010, 94.800 euros para o 2011, 98.800 euros para o ano 2012 e 80.800 euros para o ano 2013.

O obxecto deste convenio consiste en establecer apoios adicionais específicos para as explotacións de gando bovino -para a súa produción de leite- e para as cooperativas ou sociedades agrarias de transformación, cuxa actividade sexa a fabricación de produtos lácteos ou ben o comercio por xunto destes produtos.

Apoio ao sector lácteo

Ambas as institucións consideran esencial apoiar o sector lácteo galego, e máis dada a difícil situación, debido ao anormal prezo do leite no mercado. Isto fai que o IGAPE, como axencia de desenvolvemento de Galicia, e a Consellería do Medio Rural, actúen conxuntamente para reforzar e axudar a este sector.

A AGRUPACIÓN DE COOPERACIÓN TERRITORIAL ENTRE GALICIA E NORTE DE PORTUGAL PORASE EN MARCHA EN XANEIRO EN VIGO

- O organismo será o brazo executor da Comunidade de Traballo Galicia- Norte de Portugal

O Consello da Xunta analizou na súa reunión de hoxe un informe elaborado pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea no que se describen o estado e os obxectivos da Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT) Galicia- Norte de Portugal, que estará en marcha antes de que remate o mes de xaneiro na súa sede de Vigo.

A de Galicia co Norte de Portugal é a terceira AECT que se constitúe en Europa e será a primeira da Península Ibérica que bote a andar. Foi creada sobre o papel en setembro do ano pasado e o seu impulso definitivo veu marcado polo encontro do presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, co presidente da Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional da Rexión Norte de Portugal, Carlos Lage, que na reunión que mantiveron o pasado 7 de xullo en Porto se comprometeron a impulsar o funcionamento a AECT para que se confirme como o brazo executor da Comunidade de Traballo Galicia- Norte de Portugal.

A AECT terá a súa sede en Vigo, concretamente nos locais do CETMAR, tal e como se establecía nos estatutos da agrupación. Na actualidade, estase a formalizar o nomeamento dos membros da Asemblea da AECT e en vindeiras datas o presidente da Xunta e o da Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional da Rexión Norte de Portugal procederán ao nomeamento do director e do secretario do organismo.

A Xunta agarda que a posta en marcha da AECT permita reforzar a cooperación entre Galicia e o Norte de Portugal, ao elevarse notablemente o nivel institucional do instrumento a través do que se articula esta relación. Outro dos obxectivos é incrementar as posibilidades de concitar apoio comunitario a proxectos de desenvolvemento que contribúan á cohesión do territorio. Así mesmo, servirá para dotar dunha estrutura administrativa estable e dun órgano político- administrativo permanente que canalice as iniciativas dos axentes sociais de Galicia e Norte de Portugal e incremente a eficacia na xestión de fondos para proxectos transfronteirizos.

As agrupacións europeas de cooperación territorial son un instrumento de cooperación comunitaria creado para facilitar a relación entre entes subestatais

europesos. Teñen personalidade xurídica propia e entre as súas funcións está a de realizar proxectos de cooperación territorial, con ou sen financiamento comunitario.

Outras das funcións son reforzar a cohesión económica e social e levar a cabo actividades económicas, sociais e ambientais transfronteirizas, mediante o fomento do espírito empresarial. Tamén procuran desenvolver a cooperación transnacional e potenciar a eficacia da política rexional, alentando a cooperación rexional en innovación e a economía do coñecemento centrada no ambiente e na prevención de riscos.

A XUNTA DE GALICIA INICIA A LICITACIÓN DO NOVO HOSPITAL DE VIGO

- Pilar Farjas informou o Consello da publicación, no Diario Oficial de la Unión Europea, do anuncio do contrato para a súa construción
- En xaneiro farase pública, a través do DOG, a información correspondente ao estudo de viabilidade, e en febreiro publicaranse os pregos de prescrición técnica
- Desde a súa adxudicación, a previsión de execución de obra é de 24 meses

A conselleira de Sanidade, Pilar Farjas Abadía, informou hoxe o Consello da Xunta da publicación nos vindeiros días, no Diario Oficial de la Unión Europea, do anuncio co que se inicia a licitación do novo hospital único de Vigo. O texto foi remitido con este obxectivo o pasado día 15 de decembro.

Será un contrato, cunha duración de trinta anos, cuxo obxecto inclúe a redacción do proxecto de execución; a execución e dirección de obra; a dotación do equipamento básico; a dotación do mobiliario xeral; e a explotación e o mantemento do novo centro. Estes últimos comprenden a limpeza; o mantemento xeral e o equipamento; a desinfección, desratización e desinsectación; o transporte interno e externo; a seguridade e vixilancia; a subministración e xestión enerxética; a central de abastecemento e tratamento de auga; a reprografía e imprenta; e a conservación de vías e xardíns, entre outros.

Con este novo paso, a Xunta continúa a cumprir os prazos previstos para a construción deste hospital, tras a presentación do Plan Funcional para a Área Sanitaria e Vigo e a publicación, o pasado día 1 de decembro, da Resolución pola que se acorda o inicio, polo procedemento de taxación conxunta, e se somete a información pública, o expediente expropiatorio dos bens e dereitos afectados pola execución do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do centro.

A conselleira indicou que o seu departamento mantén así o seu firme compromiso de facer real nesta lexislatura a construción desta infraestrutura sanitaria. Neste sentido, na segunda semana de xaneiro farase pública, a través do Diario Oficial de Galicia, a información correspondente ao estudo de viabilidade, e a semana do 22 de febreiro publicaranse os pregos de prescrición técnica.

Plan funcional do centro sanitario

A Xunta considera prioritario dotar a cidade olívica e a súa área sanitaria da infraestrutura sanitaria que precisa, ao tempo que pretende que a súa construción sexa, na conxuntura económica actual, un elemento importante de dinamización económica e de creación de riqueza e emprego na Comunidade Autónoma.

A nova área asistencial de Vigo, que terá un sistema multihospital con máis de 2.000 camas, responderá a un modelo que primará a eficacia da xestión, e que dará resposta ás necesidades de saúde e á demanda que existe na área sanitaria viguesa.

O plan funcional do novo hospital único de Vigo é un plan realista e ambicioso, que aposta por un área sanitaria con cirurxía innovadora e a alta tecnoloxía e conta con importantes dotacións para patoloxías prioritarias. Presenta unha ordenación integradora de unidades e equipos profesionais, que permitirán mellorar a organización funcional especializada, incrementando e potenciando as sinerxías do coñecemento biomédico.

O novo hospital de Vigo, de xestión completamente pública, vertebrará a asistencia xeral e materno-infantil, cun alto grao de especialización. Funcionará como referencia rexional e contará coa porta de urxencias única. Este centro sanitario contará cun total de 1.465 camas, das que 1.079 estarán dispoñibles para a hospitalización convencional, e outras 386 para outras unidades. No que se refire aos seus prazos de construción, desde a súa adxudicación, a previsión de execución de obra é de 24 meses.

Así, no novo hospital de Vigo as unidades de obstetricia contarán con 143 camas, as de Psiquiatría con 66 (para hospitalización de agudos); as de pediatría con 160, e coidados paliativos con 111. Respecto da UCI polivalente/cardioloxía, contará con 60 camas dispoñibles, e outras 28 en UCI pediátrica. Un total de 255 son para unidades polivalentes médicas e 256 para unidades polivalentes cirúrxicas, mentres que as restantes 386 destinaranse a outras unidades.

Ademais das 1.465 camas do novo hospital, o hospital Meixoeiro contará con 422 camas (232 de hospitalización convencional e outras 190 para outras unidades); que segundo a distribución por unidades serán para as unidades de oncoloxía (72 camas), outras 160 para unidades polivalentes cirúrxicas, e 190 camas dispoñibles para coidados mínimos. Doutra banda, o Hospital Nicolás Peña terá 117, das que 60 camas están dispoñibles para a hospitalización de psiquiatría, e 57 para coidados paliativos.

Pola súa banda, Povisa funcionará como hospital xeral con poboación asignada mediante a libre elección dos cidadáns, respectando así o acordo asinado en 2006 de que o concerto con Povisa debe garantir a actividade de calidade necesaria para manter o emprego actual en todas as especialidades e servizos na súa configuración como hospital xeral con atención específica. Por último, a torre do Hospital Xeral, o

Hospital Rebullón e o Hospital Cíes destinaranse a usos complementarios non sanitarios.

Así mesmo, segundo o seu plan funcional, a área sanitaria de Vigo completará a súa oferta con dous novos centros de alta resolución, un deles na cidade olívica situado nos anexos do edificio do actual Hospital Xeral e o outro no Morrazo.

Por último, este Plan recolle tamén cambios que afectarán ao ámbito asistencial de atención primaria, e que redundará nunha mellora coordinación e continuidade coa Especializada. En concreto, as melloras reforzarán o centro de saúde de Rosalía de Castro, que disporá dun maior espazo ao trasladar a Xerencia de Atención Primaria; tamén o centro de especialidades de Coia e o centro de especialidades da Dobrada, que ampliará a súa estrutura e dotación ao trasladar as consultas de especializada para o novo hospital de Vigo.